

MODIFICACIÓN NORMATIVA DA LEI 13/2008, DO 3 DE DECEMBRO, DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA

1) LEI 15/2010, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS

Disposición final sétima. Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

Engádesse un novo apartado 7 ao artigo 56º da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, co seguinte contido:

«7. En todo caso, os ingresos que recauden as administracións públicas de Galicia en concepto de aportación das persoas usuarias para a súa participación no coste dos servizos do sistema galego de servizos sociais estarán afectados á financiación do servizo y á prestación que reciban».

2) LEI 14/2013, DO 26 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO (DOG nº17, do 27 de xaneiro de 2014)

Disposición derradeira décimo primeira. Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

Modifícase o artigo 68 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que queda redactado como segue:

“Artigo 68. Réxime de autorización administrativa en materia de servizos sociais

1. Os centros, servizos e programas de titularidade pública e privada que desenvolvan as súas actividades en Galicia precisarán da correspondente autorización do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de autorización de servizos sociais, para a súa creación ou construción, inicio de actividades, modificación substancial e cesamento de actividades, sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas exhibibles de acordo coa lexislación vixente.

2. No suposto de centros, servizos e programas promovidos polos concellos ou deputacións, a autorización indicada no punto anterior quedará supeditada ao cumprimento dos dous requisitos seguintes:

a) Plan de viabilidade económica do concello ou da deputación, con informe favorable da persoa que exerza a intervención da entidade local, no que se garanta a sustentabilidade financeira das novas actividades económicas, respectando en todo caso o principio de eficiencia e o resto dos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

b) Informe previo e preceptivo, emitido polo órgano competente da Comunidade Autónoma, acerca da inexistencia de duplicidades nas competencias ou servizos, así como da

oportunidade e necesidade do recurso en cuestión, para os efectos da planificación estratéxica de servizos sociais da Comunidade Autónoma.

3.Regulamentariamente, desenvolveranse as condicións e os procedementos para a obtención, revogación e suspensión das autorizacións. Os procedementos administrativos para a tramitación das diferentes autorizacións terán unha duración máxima de seis meses. Unha vez transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución administrativa, as solicitudes entenderanse desestimadas por silencio administrativo nos procedementos relativos á obtención das diferentes autorizacións e producirase a caducidade nos procedementos relativos á suspensión e revogación das autorizacións administrativas.

4.Cando a creación ou construción, a modificación substancial ou o inicio de actividades dun centro, servizo ou programa de servizos sociais se realice sen a preceptiva autorización administrativa, de conformidade co previsto na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento, o departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de autorización de servizos sociais dispoñerá a clausura do centro ou a suspensión inmediata das actividades, logo de tramitación do correspondente procedemento nos termos que regulamentariamente se establezan, con audiencia, en todo caso, da persoa interesada”.